



**Grupo Provincial Socialista**

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ**, deputado do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta as seguintes:

**PREGUNTA (5) PARA SER FORMULADA E RESPOSTADA ORALMENTE NO VINDEIRO PLENO ORDINARIO DO 28 DE MAIO DE 2021:**

Tendo en conta o *“Informe de fiscalización selectiva da Deputación de Ourense do exercicio 2018”* aprobado polo pleno do Consello de Contas na sesión do 01 de marzo do 2021, con nº de actuación: 1622019-09

- 1) **¿A canto ascende, en cifras absoluta e porcentual, a rebaixa económica derivada da adxudicación, mediante contrato menor, da meirande parte dos contratos da Deputación Provincial de Ourense nos exercicios 2018, 2019 e 2020, en comparación coa súa adxudicación en base a unha pluralidade de criterios baseados no principio de mellor relación calidade-prezo cos procedementos aberto ou restrinxido?**
- 2) **¿Que porcentaxe representa o procedemento de contrato menor, con respecto a totalidade dos procedementos de contratación da Deputación Provincial de Ourense nos exercicios 2018, 2019 e 2020, detallando o dato diferenciadamente para contratos de obras e de servizos?**
- 3) **¿Que porcentaxe representan os procedementos aberto ou restrinxido, con respecto a totalidade dos procedementos de contratación da Deputación Provincial de Ourense nos exercicios 2018, 2019 e 2020, detallando o dato diferenciadamente para contratos de obras e de servizos?**
- 4) **¿Por que, tal e como indica o informe do Consello de Contas de fiscalización selectiva da Deputación de Ourense do exercicio 2018, só se publican no portal de transparencia as obras financiadas pola Unión Europea?**

[www.psdegpsoedepourense.es](http://www.psdegpsoedepourense.es)  
[socialistaourense@gmail.com](mailto:socialistaourense@gmail.com)

 Facebook: PSdeGDepOU

 Twitter: @PSdeGDepOU



**Grupo Provincial Socialista**

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

Ourense, a 26 de maio de 2021

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'José Ignacio Gómez Pérez'.

Asinado: José Ignacio Gómez Pérez

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**